

**Evidencia de:**

Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional

# SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIALES

## AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

**Denominación del Título**

Máster en Traducción para a comunicación internacional

**Centro**

Facultade de Filoloxía e Tradución

**Tipo de centro**

Propio

Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

Propio

Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

Propio

Adscrito

**Centro**

**Tipo de centro**

- Propio
- Adscrito

**Autoinforme provisional. Órgano de aprobación**  
Comisión de Calidade

**Fecha**  
09 / 29 / 2014

**Autoinforme definitivo. Órgano de aprobación**  
Xunta de Facultade

**Fecha**  
10 / 27 / 2014

23 - Acta CC290914.pdf

**Evidencia de:**

Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Descripción del título

**ID del título**

4314063

**Rama de conocimiento**

Artes e Humanidades

**Universidad solicitante**

Universidade de Vigo

**Centro responsable de las enseñanzas conducentes al título o, de ser el caso, departamento o instituto**

Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT), Campus das Lagoas-Marcosende (Vigo)

**Centro/s donde se imparte el título**

Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT), Campus das Lagoas-Marcosende (Vigo)

**En caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidades participantes. UNIVERSIDAD COORDINADORA:**

**UNIVERSIDADES PARTICIPANTES:**

**Tipo de educación**

Semipresencial

**Régimen de estudios**

Total e parcial

**Periodicidad de la oferta**

Anual

**Número de plazas de nuevo ingreso ofertadas**

30

**Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudiante y período lectivo**

Tempo completo: 60. Tempo parcial: 30 O título está deseñado para impartirse nun único curso.

**Normas de permanencia**

A normativa de permanencia da Universidade de Vigo está publicada no seguinte enlace:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm\\_perm\\_grao\\_master.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm_perm_grao_master.pdf)

**Información sobre la expedición de suplemento al título**

Pódense consultar os seguintes enlaces:

[http://secxeral.uvigo.es/secxeral\\_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html](http://secxeral.uvigo.es/secxeral_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html), e máis directamente:

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real\\_dec\\_exp\\_titulos.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real_dec_exp_titulos.pdf)

No curso 2013-14 non se contou con alumnado con necesidades educativas especiais.

**Responsable del título**

Xoán Manuel Montero Domínguez

**Coordinador/a del título**

Xoán Manuel Montero Domínguez

**Correo electrónico del/de la responsable del título**

[xoanmontero@uvigo.es](mailto:xoanmontero@uvigo.es)

**Fecha de verificación del título**

25 / 09 / 3013

**Fecha de aprobación por el Consejo de Ministros**

21 / 02 / 2014

**Fecha de autorización de la implantación por la Xunta de Galicia**

20 / 12 / 2013

**Fecha de inscripción en el RUCT**

11 / 03 / 2014

**Fecha de publicación en el BOE**

11 / 03 / 2014

**Curso de Implantación**

2013-14

**Modificaciones autorizadas****Fecha de la última acreditación**

29 / 07 / 2013

**Órgano responsable del Sistema de Garantía de Calidad del título**

Equipo Directivo do Centro, Coordinador do SGIC e Comisión de Garantía interna de Calidade do Centro.

**Memoria vigente del título**

memoria final\_master\_traducccion\_para\_comunicacion\_internacional.pdf

**Descripción del título. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencia documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A páxina web recolle información completa sobre todos os aspectos do título e as ligazóns relativas á información pública revisáronse e funcionan correctamente na data de redacción do informe.

A información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente.

A finais de xuño de 2014, producíronse dous cambios no equipo decanal do Centro que afectaron ó Vicedecanato de

Organización Académica e ó Vicedecanato de Calidade. No caso do vicedecano de Organización académica, por diferenzas de criterio coa Decana e tras facer as consultas pertinentes e manter diversas conversas, o equipo decanal acordou substituílo por unha nova vicedecana. No caso do Vicedecanato de Calidade, produciuse a raíz do nomeamento do anterior vicedecano como director da Área de Calidade da Universidade de Vigo. Os cambios comunicáronse en tempo e forma ós membros da Xunta de Facultade e aparecen debidamente reflectidos na páxina web do Centro.

En xeral, a valoración deste primeiro ano é satisfactoria, aínda que non se cubrixe a totalidade das prazas ofertadas. Os resultados académicos do alumnado foron moi satisfactorios.

Comprobamos que hai persoas interesadas en realizar o mestrado que non poden asistir ás sesións presenciais por motivos laborais.

O nº de créditos ECTS da titulación son 138 en total. O nº mínimo de créditos ECTS de matrícula son 60 créditos.

O tipo de ensinanza é semipresencial.

Ofértanse 25 prazas en total

As linguas nas que se imparten as materias son: galego, español. Nas materias de especialidade (módulo B2) utilízanse as linguas das combinacións específicas: francés, inglés, portugués e alemán.

Non hai profesión regulada.

Non procede realizar modificacións na titulación relacionadas co criterio indicado.

## Buenas prácticas

Consideramos como boas prácticas (INNOVADORAS, EFECTIVAS e SOSTIBLES) as que se indican a seguir:

1. Organización de cursos complementarios aos que asitiu parte do alumnado do mestrado, así a organización de conferencias e mesas redondas que en certo modo amplian os contidos das materias do mestrado.
2. Mellora da páxina web do mestrado. En: <<http://paratraduccion.com/limiaries/>>  
Actualización de contidos e información sobre ofertas laborais e de formación relacionadas coas áreas de coñecemento do mestrado.
3. Creación do facebook propio do mestrado e twitter.
4. Presentación do mestrado en formato vídeo. En: <<http://paratraduccion.com/limiaries/index.php/publicidade>>
5. Creación vídeo promocional realizado polo alumnado de primeiro ano. En: <<http://tv.uvigo.es/es/serial/2072.html>>
6. Publicación de dúas monografías de autoría do profesorado do mestrado.
7. Apertura do convenio Erasmus coa Université de Paul Valéry - Montpellier (Francia) para alumnado de mestrado.
8. Aprobación do Convenio Marco para a consecución de dobre titulación entre o Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional e o . Master LEA: Spécialité Langues et Négociation de Projets Internationaux, pola Université Paul Valéry , Montpellier III. Pendente do convenio específico.

## Propuestas de mejora

Pretendemos modificar o carácter de semipresencialidade do mestrado, de tal maneira que se unha alumna ou alumno xustifica a súa ausencia por motivos laborais poderá seguir o mestrado de maneira virtual (online).

## **Breve descripción de las modificaciones**

## **Justificación de las modificaciones**

**Evidencia de:**

Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Justificación" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y objetivos de calidad de la formación" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Justificación. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A información incluída na páxina web sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente.

A nivel interno, os procedementos de consulta utilizados no curso 2013-14 contan co Sistema de Garantía Interno de Calidade do título como principal ferramenta. Os procedementos PE01 (Definición e revisión da política e obxectivos de calidade), en fase de revisión e de actualización, e DO-0102 (Seguimento e mellora das titulacións) velan para que haxa un adecuado retorno da información e están dispoñibles para consulta na páxina web do centro, á que se pode acceder, mediante unha ligazón, dende a páxina web do título.

O título, despois do 1º ano de implantación, desenvolveu satisfactoriamente o plan docente que se basea nas seguintes ideas:

- Responder á demanda de formación de tradutor/intérprete xurado das combinacións Francés-Galego/Español-Francés e Inglés-Galego/Español-Inglés.



- Formar ao alumnado para a profesión de:

1. Tradutor/a no ámbito da comunicación: audiovisual, multimedia e xestor/mediador de comunicación internacional.
2. Tradutor/a no ámbito do comercio exterior: responsable de importación-exportación de empresas nacionais ou internacionais, técnico de comercio exterior, responsable de análise de desenvolvemento.

#### CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO

1. Mellorar a difusión dos obxectivos do plano de estudos.

A información sobre os obxectivos do plano de estudos está na páxina web da Facultade no apartado de información pública.

2. Mellorar os procedementos de captación e admisión de estudantes.

A Comisión de Calidade aprobou un plano de captación de alumnado, para graos e posgraos.

3. Mellorar o sistema de avaliación e os procedementos xerais de calidade do ensino.

A coordinación revisa o sistema de avaliación de cada materia e axéitao, cando for preciso, ás recomendacións aprobadas pola Facultade en 2010.

5. Mellorar os procedementos para a recollida de queixas e suxestións.

Á parte do protocolo tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión no decanato, habilitouse unha aplicación informática na páxina web da Facultade que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas e suxestións.

6. Número de queixas inferior o 5% do alumnado de novo ingreso. Cúmprese o obxectivo xa que non houbo queixas do alumnado de novo ingreso.

11. Igualar ou superar a media da Universidade nas enquisas de avaliación docente (sobre 5). Acadáronse 3,92 puntos. A media da Universidade é de 3,72.

Os seguintes obxectivos non se poden avaliar xa que non hai datos:

4. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas de estudantes onde se trate o tema da planificación.
7. Índice de satisfacción igual ou superior o 4,2/7 puntos no programa de acollida realizado. E especialmente significativo este índice xa que so 3 dos 3 graos e 6 posgraos da FFT analizados acadan o mínimo esixido. A baixa valoración deste ítem pódese explicar polo feito de que a enquisa de satisfacción non fai diferenzas por curso nas preguntas. Ao non existir programa de acollida en máis cursos ca en primeiro, entendemos que o alumnado dos demais cursos se pode sentir confundido pola pregunta. Xa se solicitou á Área de Calidade que se modifique a enquisa neste punto.
8. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre o PAS da Facultade.
9. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre recursos para a aprendizaxe.
10. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de alumnado que valora positivamente o grao de competencia que acadou.

Despois de varios anos de estaren vixentes os anteriores obxectivos de calidade, a Comisión de Calidade entende que é necesario revisalos para ver se se adecúan á situación actual da Facultade. Fíxose unha convocatoria aberta a tódolos membros do centro para que contribuísen coas súas suxestións á posible reforma. A primeira reunión da Comisión de Calidade que tratou este tema foi a do 31 de outubro de 2013. Durante o cuarto trimestre de 2014 aprobárase o Manual de Calidade da Universidade de Vigo revisado e actualizado durante o curso 2013/14 (concretamente o anexo 4, Guía de obxectivos de calidade), de xeito que, baseándose nos criterios e requisitos establecidos para a determinación dos obxectivos de calidade do centro, redefiníranse os obxectivos de calidade existentes, así como as liñas de actuación e os

indicadores que permitan desenvolvelos.

Despois dun ano de implantación mantéñense os referentes externos que avalan o referente da proposta. Así mesmo, os referentes externos que aparecen no apartado 2.2. da memoria do título seguen avalando a adecuación dos criterios nacionais e internacionais.

O procedemento PE01 serviu para analizar a política de calidade do centro. Consideramos relevante a reunión da Comisión de Calidade (outubro 2013) sobre a modificación dos obxectivos. Os procedementos de consulta internos e externos garanten que a coordinación e o centro teñan cumprido coñecemento de todos os aspectos relacionados coa docencia e coa xestión do título.

Respecto da demanda e dos datos de matrícula, cómpre indicar que houbo 20 matriculados das 25 prazas ofertadas.

Respecto da evolución oferta-demanda non se pode valorar por ser o 1º ano de implantación do mestrado.

Respecto dos convenios, non se aplica neste 1º ano de mestrado.

Non se aplican cambios relacionados coa titulación.

### **Buenas prácticas**

Realización dunha enquisa propia dado que a enquisa organizada pola Universidade de Vigo para o alumnado de grao non se axusta aos prazos de docencia do mestrado.

VÉXASE ANEXO. Enquisa propia de mestrado realizada

### **Propuestas de mejora**

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

Cumprimento dos obxectivos de calidade.docx

Resultados enquisa Mestrado.\_\_\_ Curso 2013-2014. CON GRAFICOS[2] Copy.pdf

**Evidencia de:**

Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional

**Justificación. Plan de mejora****Denominación de la propuesta**

Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción

**Punto débil detectado**

Participación escasa do alumnado nas enquisas

**Ámbito de aplicación**

Facultade Filoloxía e Tradución e Universidade de Vigo

**Responsable de su aplicación**

Decanato, Coordinadora do Grao, titoras/es do PAT, Área de Calidade, ATIC

**Objetivos específicos**

Acadar uns índices satisfactorios de participación do alumnado nas enquisas que permitan considerar os datos tirados delas como representativos.

**Actuaciones a desarrollar**

Continuar divulgando entre as/os estudantes a importancia do SGIC e de participaren nas enquisas de satisfacción, a través das canles de difusión da información (lista fft, cartaces, pantalla de plasma), das reunións de coordinación e das xuntanzas do PAT. Institucionalmente, está previsto levar a cabo as seguintes accións:

- Rematar as actividades levadas a cabo por un grupo de traballo multidisciplinar que se constituíu co obxectivo de racionalizar e mellorar as metodoloxías de avaliación empregadas (modo de recollida da opinión dos grupos de interese, frecuencia de realización, contidos dos cuestionarios ...)

Este grupo de traballo constituíse en abril de 2014 e, actualmente, está na fase final de conclusións, pendente da reunión de peche.

- Realización dunha campaña institucional para explicar e fomentar as actividades de recollida de opinión dos distintos grupos de interese. Incidirase na explicación da relevancia de cada unha das enquisas e o seu impacto nos programas de calidade e na mellora continua da calidade dos centros e servizos.

- Mellorar o acceso á aplicación informática.

**Periodo de ejecución**

2014-2015

**Recursos / financiamiento**

sen custo

**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Competencias" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Objetivos del plan de estudios" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Competencias / objetivos. Valoración general del cumplimiento del criterio

**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A información incluída na páxina web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A coordinación, a Comisión Académica e a Comisión de Calidade non consideraron necesaria a modificación nin dos obxectivos nin das competencias xerais xa que seguen sendo axeitados para o plano formativo e manteñen o carácter de formación avanzada. As competencias, xa que non se variaron, seguen cumprindo o establecido no RD 1393/2007. Os coordinadores comprobaron que todas as competencias xerais e específicas do título foron tratadas nas materias do programa formativo.

A Comisión Académica do Mestrado (CAM) reúne por regra xeral unha vez ao mes

**RESULTADOS ACADÉMICOS**

Resultados sobre o alumnado matriculado

Entendemos que toda persoa que non se presente a unha materia ou suspenda non acadou ou adquiriu as competencias e os obxectivos propostos para superar dita materia.

Notas do TFM:

Aprobados: 2

Notables: 4

Sobresalientes: 10

Matrícula de Honra: 1

Non Presentados: 2

Todo o alumnado matriculado superou todas as materias do mestrado. Hai dous estudantes que non presentaron o Traballo de fin de Mestrado.

Os resultados académicos acadados no primeiro ano foron satisfactorios.

Animaremos aos estudantes que non presentaron o TFM a que soliciten a quenda extraordinaria (convocatoria adiantada) do presente curso e presente o devandito traballo.

No curso 2013-14 non se realizaron as enquisas de satisfacción da titulación por non se axustaren estas ao período docente do mestrado.

### **Buenas prácticas**

### **Propuestas de mejora**

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

### **Breve descripción de las modificaciones**

### **Justificación de las modificaciones**

Resultados académicos, calificacións, satisfacción 2013-14.accdb

Resultados enquisa Mestrado.\_\_\_ Curso 2013-2014. CON GRAFICOS[2] Copy.pdf

**Evidencia de:**

Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A información incluída na páxina web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén ao perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título ([http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com\\_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl](http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl)). Existen tamén mecanismos de información previa a matriculación. Toda esta información pódese atopar na páxina web do mestrado. En: <http://paratraduccion.com/limiares/>.

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e programa formativo do título está accesible na páxina web da universidade ([http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com\\_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl](http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl)), na páxina web do título (<http://paratraduccion.com/limiares/index.php/presentacion>), na páxina web da Facultade ([webs.uvigo.es/fft](http://webs.uvigo.es/fft)), así como na páxina web do título (<http://paratraduccion.com/limiares/>)

O mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional non conta con sistema de transferencia e recoñecemento de créditos. Véxase a memoria ([http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com\\_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl](http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl)).

Durante o curso 2010-11 fíxose un "Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo". Este plano foi aprobado pola Comisión de Calidade do centro e implantado durante o curso académico 2011-12. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados e presenta os seguintes obxectivos:

1. Dar a coñecer as titulacións de Máster que se imparten no centro. Para isto o centro propuxo as seguintes medidas:
  - o Sesión de presentación dos mestrados que se imparten no centro, realizada polos propios coordinadores dos Máster.
  - o Elaboración de dípticos, carteis e rollers publicitarios dos másters da Facultade.
  - o Organización de conferencias e seminarios especializados.
  - o Envío de noticias ós medios de comunicación e presenza nas redes sociais.

O mestrado carece de PAT.

A Facultade carece dun vicedenato responsable da organización docente dos mestrados.

A Comisión Académica do Mestrado (CAM) traballou dende a súa constitución para difundir o plano de estudos do mestrado. Para acadar este obxectivo levou a cabo unha serie de accións:

- Mellora da páxina web do mestrado. En: <<http://paratraduccion.com/limiaries/>>  
Actualización de contidos e información sobre ofertas laborais e de formación relacionadas coas áreas de coñecemento do mestrado.
- Creación do facebook propio do mestrado e twitter.
- Presentación do mestrado en formato vídeo. En: <<http://paratraduccion.com/limiaries/index.php/publicidade>>
- Creación vídeo promocional realizado polo alumnado de primeiro ano. En: <<http://tv.uvigo.es/es/serial/2072.html>>
- Publicación de dúas monografías de autoría do profesorado do mestrado.

Na mesma semana de inicio de curso, a CAM organizou un acto de benvida para todo o alumnado indicado no cronograma da páxina web do título ao longo do curso 2013-2014.

Este curso 2014-2015 figura o cronograma actual. Ademais do acto de benvida imos organizar varias sesións informativas ao longo do ano para tratar diferentes aspectos como por exemplo: liñas de investigación para a realización do TFM, saídas profesionais, inserción laboral etc.

Na enquisa interna realizada non se recolle ningún item relativo ao punto "Acceso e admisión".

O alumnado que solicitou o ingreso no mestrado ten o perfil de formación que se indica a seguir:

12 Licenciadas/os en Tradución e Interpretación

1 Licenciada en Filoloxía Hispánica

1 Licenciada en Filoloxía Inglesa

6 Licenciadas/os con titulación estranxeira



**Buenas prácticas**

Ademais dos obxectivos indicados no punto anterior, dende a CAM do mestrado tamén se propuxo a apertura do convenio Erasmus coa Université de Paul Valéry - Montpellier (Francia) para alumnado de mestrado.

Aprobación do Convenio Marco para a consecución de dobre titulación entre o Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional e o Master LEA: Spécialité Langues et Négociation de Projets Internationaux, pola Université Paul Valéry , Montpellier III. Pendente do convenio específico que comezará a andar ao longo do curso 2014-15.

**Propuestas de mejora**

- Solicitar a creación dun servizo administrativo de apoio aos mestrados no centro.

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

**Breve descripción de las modificaciones****Justificación de las modificaciones**

Calendario FFT 2013-2014.pdf

Plano de Captación.pdf

Plano\_de\_promoción\_e\_captación.pdf

**Evidencia de:**

Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional

Acceso y admisión de estudiantes. Plan de mejora

**Denominación de la propuesta**

Creación dun servizo administrativo de apoio aos mestrados no Centro (FFT)

**Punto débil detectado**

Excesivo traballo para a coordinación

**Ámbito de aplicación**

Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT)

**Responsable de su aplicación**

Universidade de Vigo

**Objetivos específicos**

Apoio no proceso de información previa á matrícula e na xestión burocrática da mesma e do mestrado en xeral.

**Actuaciones a desarrollar**

Solicitud de creación do servizo administrativo de apoio aos mestrados no Centro (FFT)

**Periodo de ejecución**

Curso 2014-2015

**Recursos / financiamiento**

Dependente de Xerencia

**Indicadores de ejecución**

**Objetivos**

A cumprimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

**Nivel de cumplimiento**

**Resultados obtenidos**

**Grado de satisfacción**

**Acciones correctoras a desarrollar**

**Evidencia de:**

Máster Universitario en Traducción para la Comunicación Internacional

**Directriz ACSUG**

Se valorará el criterio de "Planificación de las enseñanzas" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Planificación de la enseñanza", "Garantía de la calidad de los programas formativos" y "Gestión del proceso de enseñanza-aprendizaje" del Programa FIDES-AUDIT.

**Comentario general para la reflexión y valoración del criterio**

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

**Planificación de las enseñanzas. Valoración general del cumplimiento del criterio****Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

**Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones**

A información incluída na páxina web sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010.

Na memoria de verificación existe información sobre os mecanismos de coordinación.

Con respecto ás enquisas sobre a adecuación da dedicación establecida en cada materia, a enquisa de avaliación interna da materia non contempla este aspecto.

Con respecto ás enquisas sobre a adecuación aos sistemas de avaliación, a enquisa de avaliación interna da materia non contempla este aspecto.

No curso 2013-14 non se xerou ningún problema relacionado coa normativa de permanencia da universidade.

Logo de analizar os resultados dos TFM non se atoparon incidencias.

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na páxina web do título (<http://paratraduccion.com/limiares>) e tamén na memoria do título.

O coordinador do mestrado revisa con periodicidade anual todas as guías docentes publicadas en DOCNET. Existe un protocolo elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Centro para a revisión das guías docentes, que inclúe a revisión e validación por parte da coordinadora da titulación, a revisión e aprobación pola Comisión de Calidade e a aprobación final en Xunta de Facultade.

A coordinadora da titulación revisa todas as guías docentes para comprobar que a planificación das ensinanzas se axusta ás directrices da memoria de verificación e ás normativas aprobadas pola Xunta de Centro e pola Universidade de Vigo, no referente á presencialidade e á carga de traballo de cada materia.

A planificación dos contidos axústase aos obxectivos establecidos para cada módulo e materia.

O cronograma do mestrado está a disposición do alumnado e profesorado en:  
<http://paratraduccion.com/limiares/index.php/2014-2015-cr>.

O sistema de avaliación axústase á normativa da Universidade de Vigo.

#### Enquisas 2013-2014

En xeral, os resultados das enquisas realizadas ao alumnado foron positivas, superando o 4 sobre 5 nunha porcentaxe elevada.

Salientamos aquelas respostas do alumnado sobre o que máis valora do mestrado:

11.- En xeral, que é o que máis valoras do mestrado? (9 persoas responderon a esta pregunta)

- A formación en materias especializadas.
- O que máis valoro do mestrado é a formación xeral, non só de tradución, que foi impartida por profesionais desas materias (por exemplo, dereito, economía, etc.)
- As materias e a metodoloxía formativa.
- A dispoñibilidade do profesorado.
- La orientación y metodoloxía que nos dan el profesorado en los trabajos de investigación.
- Sobre todo valoro a diversidade na oferta e a posibilidade de combinar materias dos diferentes módulos, ademais do feito de poder compartir aulas cun alumnado heteroxéneo, con distintas procedencias e experiencias formativas.
- Atención máis persoalizada e obxectivos máis claros que na carreira.
- Que os docentes sexan profesionais nos seus respectivos campos.
- As clases prácticas das asignaturas de tradución xurídica e de economía e comercio.

A coordinación de materias impartidas por varios docentes non presentou incidencias no presente ano (2013-14) Non existe regulamento de prácticas externas porque non se contemplan dentro do plano de ordenación de materias do mestrado.

A memoria do título non contempla a adquisición de competencias non curriculares.

Unha das melloras que se poden implementar no presente curso (2014-15) é o reparto equitativo das titorías do TFM. En xeral, cada profesor é responsable da dirección de dous traballos, así mesmo hai dous tribunais na quenda de maio e xullo que avalían os traballos dos e das colegas que non dirixiron. As liñas de investigación para escoller ou consultar co profesorado responsable os diferentes intereses do alumnado do mestrado respecto dos TFM atópanse a disposición do alumnado na páxina web do centro.

En: <http://paratraduccion.com/limiares>.

O mestrado non ofrece prácticas.

Non existen convenios con institucións.

No curso 2013-2014 non existiron programas de mobilidade.

Non hai participación do alumnado no PAT do mestrado.

No curso 2013-2014 non se realizaron enquisas de satisfacción da titulación por non se axustaren estas ao período de

docencia.

### Buenas prácticas

#### Propuestas de mejora

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

- Seguindo co plan de mellora elaborado pola CAM, tentárase suplir as eivas rexistradas nas enquisas que se indican a seguir:

12. Segundo a túa opinión, que melloras consideras que se deberían de incorporar ao mestrado? Podes incluír comentarios ou matizacións ás valoracións do cuestionario (7 persoas responderon a esta pregunta)

- Máis horas lectivas, os contidos son moi interesantes pero gustárame que houbera máis profundización nos temas, xa que quedan nunha visión demasiado xeral.
- Algunhas materias non estaban moi ben enfocadas, dende o meu punto de vista, cando nun primeiro momento os contidos resultaban moi interesantes.
- Cambiaría a organización do cronograma, para non facer coincidir determinados cursos nas mesmas datas. Podería mellora-la flexibilidade á hora de escoller as materias do plan de estudos. No tocante á organización dos cursos, sería interesante poder contar con parte importante do material antes das sesións presenciais, pois deste xeito sería posible que esas sesións fosen máis interactivas e con máis aportacións por parte dos alumnos. Por outra banda, cómpre ter moito tino á hora de decidir que tipo de traballo se demanda do alumnado (dun alumnado do que, ademais, se espera que mostre espírito crítico). Houbo una materia no módulo obrigatorio no que non se cumpriron as condicións máis importantes que debe ter ese traballo: que a súa aportación á formación sexa verdadeiramente significativa e que a magnitude da tarefa sexa acorde co tempo disponible para realizala. E a liberdade de cátedra non pode xustificar calquera cousa. Penso que non é necesario entrar en máis detalles. Foi una excepción, pero a miña valoración desa experiencia concreta é moi negativa.
- Clases que conteñan máis exercicios prácticos e menos teoría. De esta maneira vémonos obrigados a facer máis traballo de tradución de maneira práctica en vez de aprender cómo facelo teoricamente.
- Cuidar que los trabajos encargados no sean excesivos como el de terminología por ej.
- Deberíanse incorporar máis exercicios de tradución en sí, xa que só se levaron a cabo traducións en dúas materias.
- A introdución, no primeiro módulo, de materias máis prácticas onde se levasen a cabo procedementos de tradución.

### Breve descripción de las modificaciones

### Justificación de las modificaciones

21Resultados enquisa Mestrado.\_\_\_ Curso 2013-2014. CON GRAFICOS[2] Copy.pdf

Resultados académicos, calificacións, satisfacción 2013-14.accdb

Resultados enquisa Mestrado.\_\_\_ Curso 2013-2014. CON GRAFICOS[2] Copy.pdf

